

Organizado polo Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) da Consellería de Traballo e Benestar o vindeiro día **11 de abril, de 9:30 a 13:30 horas**, terá lugar no salón de actos do CNTG un **seminario sobre xestión de proxectos con metodoloxías áxiles**.

Un crenza habitual consiste en que “as metodoloxías áxiles só serven para desenvolver software”. A realidade é que estas metodoloxías van máis aló. No axilismo hai principios, técnicas, marcos de traballo etc.. que poden aplicarse a proxectos de desenvolvemento pero tamén a outros tipos de traballo e tarefas en diferentes contornas e sectores e que nos permite escoller que aplicar en cada situación segundo a tipoloxía do produto que estamos a crear, segundo o equipo do que dispoñemos, segundo a contorna na que estamos localizados etc ...

O relator da xornada será Miquel Rodríguez, director de formación e mentoring da empresa NetMind e con ampla experiencia no eido da formación e a consultoría. Miquel Rodríguez é enxeñeiro en informática de sistemas pola UAB e ten realizado un máster en IT Management e un Executive MBA pola universidade de La Salle. Está en posesión das principais certificacións en xestión de proxectos e gobernanza, entre elas, PMP, Prince2 practitioner, ITIL, CSM e SAFe Certified.

### Obxectivos

Durante a xornada veremos a diferenza entre a xestión tradicional e a xestión áxil, facendo un repaso de cada unha delas e coñecendo as principais técnicas áxiles (Scrum, Kanban, Visual Management, Lean ...) e cando e como aplicarlas.

Esta seminario esta dirixido preferentemente integrantes de equipos de proxecto, directores/as de proxecto, interesados/as nas metodoloxías áxiles e, en xeral, profesionais interesados na temática e que non teñan claro en que consisten e que queiran saber se poderían axudarlle a ser máis eficiente na súa organización sexa cal sexa o seu sector.

Impartición: Día 11 de abril de 9:30 a 13:30 horas

Duración: 4 horas

## Temario

### Xestión de proxectos con metodoloxías áxiles

- €€€€€€€€ A xestión tradicional
- €€€€€€€€ enfoque áxil
- €€€€€€€€ Priorización por valor
- €€€€€€€€ Lean Thinking
- €€€€€€€€ Kanban
- €€€€€€€€ Visual Management
- €€€€€€€€ Scrum

Beneficio: Certificado de asistencia

Poderán anotarse na páxina web [www.cemit.xunta.es](http://www.cemit.xunta.es) . Ou no edificio de Foremdes. Telef 981 433 815.